

Achegándose á máis próxima realidade sociopolítica, sitúome na posición cómoda dunha clase media, nun sistema político mixto, durante o tempo da grande falacia do estado do benestar. A posición cómoda dunha clase, que non oculta ás súas vantaxes fronte aos máis desfavorecidos, os desprivilegiados (que din en Portugal). Da comodidade que proporcionan uns servizos públicos gratuítos, e unhas prestacións sociais que garanten, ou cando menos deberían garantir, unha vida digna incluso no desemprego, na enfermidade ou na vellez, o que some na máis absoluta cegueira aos beneficiarios privilexiados da estrutura. Todo cambia, segundo se achega o punto de inflexión do neoliberalismo. A catarse que deixa desprotexida a esa porcentaxe importante da sociedade, sen todos eses recursos que lle proporcionaban estabilidade, coa espada de Damocles do desemprego, a enfermidade e a vellez, abalando sobre as súas cabezas.

Esa nova situación, fai que o protagonista recupere a visión, nunha viaxe que o levará a descubrirse a si mesmo, ademais da realidade que até o momento de perdelo todo ficara oculta. Unha viaxe que comeza cuns primeiros pasos inocentes, que o obrigan a ir tomando decisións, erradas moitas veces, pero que lle van descubrindo a súa traxectoria persoal, o sentido da súa vida.